

# Onstopus

**Xornal:** anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns


<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus>  
[/onstopus.htm](http://onstopus.htm)

Nº61/ Ano: 2022 / 1º xornal Mes de decembro / Estado de Inocentadas

Para comunicar con Onstopus: [tinopardellas1957@gmail.com](mailto:tinopardellas1957@gmail.com) / [celestinopardellas@gmail.com](mailto:celestinopardellas@gmail.com)



Barcos fondeados fronte a Ons por mor do temporal. Hai un control sobre a seguridade destes barcos? Páx.1



O Faro de Ons, de automatizalo, dedícalo a Museo do Mar das Illas Atlánticas. Páx. 1




De novo Ons, por obra e graza do Concello de Bueu, se queda sen algún distintivo Azul. Páx. 1



Queda por algunha praia de Ons restos do chapapote do Polycommander ou do Prestige? Páx. 2



Problemática Urbanística na Ons dos anos 90 s.XX. Páx. 3



## CONTOS DE TABERNA


O mallador de polbos. Antes de que se conxelara o polbo, o xeito de evitar a súa dureza era mazalo. Páx. 4



## ONS NA MEMORIA

No seu momento, o Presidente da Deputación, a alcaldesa de Bueu e o Director do Parque Nacional interesáronse polo saneamento da Illa. Páx. 2

O **Presidente da Xunta** e o **Alcalde de Bueu**, reuniranse o **28 de decembro** de 2022 no Concello de Bueu para tratar importantes novas sobre o futuro da Illa de Ons e dos seus Veciños. Parece que haberá transcendentais cambios. Páx. 5



## A NOVA TROVA CAMAWAIANA

Actuou no *Madison Square Gastronómico ESTRELLA* de Bueu. Todo un éxito. Páx. 5



## CÍES E ONS, REFUXIO DE BARCOS?

Con motivo dos 20 anos do desastre do Prestige comentaba neste minixornal a necesidade de estar preparados pois en calquera intre pode suceder outro grave acaecemento como o do Prestige, Cason, Polycommander, Urquiola,... Á vez, tamén expoñía a necesidade de que Parques vixiara o tema dos numerosos buques que no inverno e en días de temporal, refúxianse ao abrigo das illas Cíes e Ons.

En charla posterior cuns compañeiros-lectores saíu o tema e no debate dixéronme que o fondeadoiro non era competencia de Parques. De novo estamos na mesma, que non sexa competencia ou non a teñan, non quere dicir que non soliciten, a quen corresponda, a vixilancia deses buques e a busca de solucións, xa que en calquera momento, tamén con eles pode ocorrer algunha complicación que afecte ás augas do Parque Nacional e despois, se ocorre, comezaran a tirar a pelota ao tellado dos demais, hai que buscar solucións aos problemas antes de que ocorran.

Non pasou moito tempo dende que expuxen ese tema e hoxe 2/12/2022 sae o asunto na prensa. Aquí deixo os enlaces:

<https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/vigo/2022/11/24/buques-gran-tamano-refugian-ria-vigo/00031669245658056379402.htm>

[https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/somosmar/2022/12/02/vigo-impulsa-puerto-refugio-atraer-barcos-bonificaciones/0003\\_202212V2C1993.htm](https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/somosmar/2022/12/02/vigo-impulsa-puerto-refugio-atraer-barcos-bonificaciones/0003_202212V2C1993.htm)

O que demostra que non é unha lideira miña, senón que a preocupación é evidente. Parques ten que existir un verdadeiro control diario sobre eses buques ao organismo competente.



## FARO DE ONS *Automático?*

A principios deste mes de decembro chegoume a nova de que operarios estaban xa a preparar o Faro para a súa automatización.

Que pasará a partir de agora? Unha pregunta con difícil resposta, aínda que vendo o que se está a facer noutros Faros da nosa costa, non tardarán en xurdir ideas para crear nel un complexo hoteleiro ou de restauración.


Triste final para este edificio que durante século e medio guiou aos barcos que navegaban polas súas proximidades.

Coido que hai unha oportunidade única para que unidas as diferentes administracións competentes (Portos, Pesca, Cultura, M. Ambiente, Parques,..., e o Concello de Bueu) busquen unha saída digna a esta edificación, convertida en acrópole, e que sería un perfecto MUSEO dedicado aos Faros, aos Fareiros, aos Barcos, aos Navegantes,..., e que podería albergar, entre outras cousas, a Historia dos Naufraxios acaecidos nas augas de Ons e demais illas do Parque Nacional Atlántico.

Coa aportación económica dos diferentes organismos para a súa composición, preparación interna e busca de material, e despois cunha cota simbólica para o seu acceso, podería pagarse ás persoas encargadas do seu mantemento e guías.

Se pretendemos que Ons reciba un turismo concienciado co medio e á súa historia, hai que poñer os recursos e actividades adecuadas para poder levalo a cabo.

## Preto de 8 barcos fondeados fronte a Ons a principios de decembro de 2021



Cando xa tiña rematado esta nova, xurde estoura a menos de seis millas da Illa de Ons. 14/12/2022

<https://www.diariodepontevedra.es/articulo/o-salnes/aparecen-galletas-chapapote-illa-arousa/202212131351321231168.html>



## NIN BANDEIRA, NIN SENDEIRO, NIN CENTRO AZUL

Un ano máis a praia de Area dos Cans, Ons, segue sen ser elixida polo goberno do Concello de Bueu para aspirar a algún distintivo Azul.



## SALGADOIRO DE SUXESTIÓNS

### *Sobre o tema do chapapote do Polycommander e do Prestige*

Un compañeiro que coñecín en Ons a finais dos 70 s.XX, mandoume unha carta sobre o tema do Prestige en Ons da que quero sacar estes parágrafos: "... recordas que acampabamos ao lado das casetas... Para baixar á praia de Area dos Cans facíámolo polas rochas, había xa unha baixada feita, pero as pedras dese camiño, estaban cheas de chapapote, do Polycommander, e non as limparon daquela... No verán, coa calor, ese chapapote derretíase e poñíamos os pés ou o calzado perdidos... Tamén fronte ao chiringo, cando estaba na praia, había un oco entre rochas bastante grande e cheo de chapapote, tamén do Polycommander; no verán, cando os temporais traían a area á praia tapábao, pero como houbera unha pequena marusía estival, levaba a area e quedaba de novo ao descuberto, os bañistas poñíanse feitos un cristo, sobre todo os rapaces... Comentaras que un amigo teu, que levaba o Campo de Trballo na illa, varios anos intentou limpalo cos mozos dese Campamento, pero que os de Medio Ambiente sempre botaban a idea para atrás... Fai xa tempo que non vou a Ons, segue aínda ese chapapote na zona de Area dos Cans?

Recordo perfectamente esa baixada e como poñíamos os pés cando iamamos ou viñamos do peirao á praia. Ata o Prestige non o limparon e fixérono porque entrou tamén a esa zona algo de chapapote, senón aínda estaría aí. De todos os xeitos, o do Prestige quedou sen limpar en varias zonas das praias da zona leste da Illa.

Do Prestige, ata hai uns anos, aínda estaba presente nas rochas que dividen a praia de Melide da pequena praia "gueto" nudista do norte e tamén, aínda máis abundante, nunhas rochas da praia de Pereiró, pero teño que recoñecer que fai tempo que non vou por alí. Mirarei esta próxima Semana Santa ou no verán a ver como está.

Si, Maqui, Xefe do Campo de Trballo durante moitos anos, tiña a boa lixeira de limpar o charco de chapapote da praia, pero sempre lle poñían pegas os encargados de M. Ambiente na Illa, o que non recordo era que desculpa daban para non facelo. Coa chegada do piche do Prestige, limparon os restos do Polycommander.

**Foto dereita arriba:** Rochas cheas de chapapote no ano 2008. Area dos Cans. No círculo vermello onde se atopaba a baixada de chapapote do Polycommander.

**Foto dereita medio:** Rochas cheas de Chapapote no ano 2006. Pereiró.

**Foto dereita abaixo:** Rochas con chapapote na praia de Melide. 2006.



### ONS NA MEMORIA.

### REUNIÓN A CATRO BANDAS 2005

O presidente da Deputación de Pontevedra, daquela, o Sr. Louzán, fóra a Ons invitado por un cliente habitual do restaurante da familia da presidenta veciñal de Ons. A representante dos veciños, na sobremesa, aproveitou para presentarse ao Sr. Louzán e, de paso, comunicarlle unha serie de demandas para ver en que medida a Deputación podería axudar. Entre elas, estaba a falla de saneamento na Illa. Louzán comunicoulle que había a posibilidade de poder traer a Ons unha depuradora que por motivos varios non fora necesaria no lugar a onde ía destinada e que podería ser posible a súa radicación na Illa.

Prometeulle consultalo e de ser viable, poríase en contacto coa alcaldesa de Bueu para ver o seu posible traslado e posta en funcionamento na Illa de Ons. Parece que o trámite resultou positivo e comezaron as xestións para a súa transferencia á Illa, aínda que antes houbo que manter unha reunión na que estiveron presentes (**Foto**): O Presidente de Deputación, a Alcaldesa de Bueu, o Director do Parque Nacional e a Presidenta da As. Veciñal. A depuradora instalouse na canteira de Curro.

Comentar o seu funcionamento posterior sería motivo dunha monografía sobre o tema.





## PROBLEMÁTICA URBANÍSTICA EN ONS (V)

### Conclusionís e posibles alternativas (I)

O problema urbanístico, xa tocado en varias ocasións, segue aínda vixente na Illa. Nin Parques nin o concello de Bueu realizaron un estudo exhaustivo das vivendas aunienses, necesario para poder buscar solucións en vías de que a magnífica Arquitectura Popular Mariñeira de Ons non desaparecera ou tivera/teña arranxos inadecuados...

Houbo dous momentos claves, mediados dos 80 e principios dos 90 s.XX. Dábanse unhas circunstancias idóneas.

Na Delegación de Agricultura de Pontevedra (organismo xestor da Illa nesas datas) estaba como Delegado o Sr. Zugasti, persoa que coñecía a Illa e moi comprometido con ela e de sociólogo o Sr. Mario Orjales, moi bo coñecedor de Ons e que impulsou estudos sobre as súas características socio-económico-biolóxicas para buscar solucións ás súas principais dificultades sociais. Pero, ao seu lado, había “*quenta cadeiras*” (xef@s de servizo e técnicos) aos que a Illa quedáballes moi grande e o seu principal obxectivo era querer demostrar a súa valía, obstaculizando a boa disposición dos seus superiores, cunha campaña de <La Isla es nuestra> e os veciños teñen que facer o que nós dispoñamos, do contrario, todo declarado ilegal e as denuncias virán deseguido, iso si, non a todos igual.

Os veciños, por parte da súa Asociación, intentaron por todos os medios o DIÁLOGO. Os tempos estaban cambiando, as circunstancias económicas dos veciños melloraran e o regreso á súa morada auniense era case unha necesidade, pois foran construídas polos seus antepasados e viviran nelas ata que eventualidades alleas a eles, fixéronlles emigrar temporalmente. Querían arranxar as súas casas, que tiveran que deixar deshabitadas debido á nova vida que, obrigatoriamente, tiñan que montar en terra, pero a administración, que xa frotaba as mans crendo que non volverían (que ideas de explotación <ou de especulación> terían para as casas aunienses), intentaron, co NON ás rehabilitacións e reconstrucións e que os veciños desistisen, cousa que, dende logo, non conseguiron.

Esa falla de DIÁLOGO provocou enfrontamentos que deron pé a manifestacións, continuas saídas en prensa, denuncias,..., (só hai que mirar hemeroteca de principios dos anos 90 s.XX) que o único que trouxeron foi unha desorde urbanística e falla de medidas de protección sobre valores patrimoniais arquitectónicos (lareiras, fornos, fachadas,...).

Mirar artigo AUNIOS Nº 13. 2008, sobre a historia do urbanismo en Ons (á dereita o enlace) e as propostas expostas, aínda, no ano 2008.

### ALTERNATIVAS (Propostas no 2008)

1º.- Facer un estudo de investigación serio para definir a verdadeira historia da propiedade da Illa. (Cabido, foros, particulares, Riobó,...).

2º.- Investigar sobre esas Accións de Primeira Clase que poden dar como resultado unha propiedade histórica dos antepasados dos actuais veciños sobre un bo número de parcelas desta Illa.

3º.- A través do tempo, tanto administración como veciños cometeron irregularidades urbanísticas. Coido que, aínda non chegan a un nivel de gravidade importante, pódese recuperar sen destruír, só hai que poñer vontade e asesoramento.

4º.- Partir de cero, urbanisticamente falando, pero poñendo todos da súa parte para arranxar todo aquilo que vai en contra da verdadeira arquitectura popular illán.

5º.- Que a administración poña nas mans dos veciños asesoramento técnico. Que se estuden as necesidades de cada familia tanto de habitabilidade das casas como económicas. Que se faciliten axudas e préstamos para poder levar a cabo as reformas necesarias...

6º.- Ás casas e demais elementos arquitectónicos que teñen dono pero están abandonadas, que se lles busque unha opción de compra por parte da administración para dedicalas a fins culturais e de conservación.

7º.- Que desaparezan ou se lle busquen solucións axeitadas a: Uralitas, depósitos de auga en tellados, casetas de ladrillo ou bloque, camiños desfeitos, lixo de gran tamaño espaxado pola Illa, cores inadecuados en fachadas das casas, ...


8º.- Que se reparen e non desaparezan aqueles elementos arquitectónicos típicos como: piornos, fornos, lareiras,...

9º.- Que se preparen as vellas escolas como Aula da natureza, museo, biblioteca, lugar de conferencias e exposicións,..., e que se lles dote do material necesario para os fins propostos.

10º.- Saneamento, luz as 24 horas, auga de traída,...



Casa auniense, anos 90.



Casa auniense, finais dos 80





### ONS NA MEMORIA

Corrían os primeiros anos dos 80 s.XX. Deixar a pneumática na Praia das Dornas era un perigo, sempre algo desaparecía, por iso, subiámola ata a casa no barrio de Caño e baixabámola todos os días ata a praia.

**Na foto:** Diante esquerda Cholo, dereita: Tinón. Detrás: Esquerda: Limeres, dereita: Fandi. O rapaz, Berto, fillo menor de Miro e Aurita, seguindo a manobra.

Como curiosidade, o camiño que ía dende o peirao ata o Faro, antes de terra, fora reparado con grava por Portos.

### CONTOS DE TABERNA

### O MALLADOR DE POLBO

Hai contos que entran dentro do grupo das historias reais, e este é un deles.

Estaban os catro de sempre coa súa partida, e digo os catro de sempre porque ata para xogar a partida, Ons vaíse quedando sen puntos, non hai relevo xeracional; e nese intre chegaron Manolo e Pepe da Illa.

Viñan debatendo sobre o sabor do polbo, segundo o maces ou conxeles. Sentáronse ao carón da mesa da partida e seguiron coa súa retesía, uníndose á conversa varios aunienses máis, que estaban de miróns, e os da partida tan pronto remataron.

A conversa resultou do máis interesante, coñecín os diferentes lugares especiais para mazar, que tipo de rochas eran as boas para non danar os raxos do polbo, cantos golpes había que darlle segundo os quilos que pesara,..., e un mundo de cousas máis.

Cando remataron, entrei eu na conversa para contarlles unha anécdota, verídica, que vivín eu, e os meus compañeiros, no peirao da Illa con respecto ao tema.

Corría o ano 1979 e chegamos de terra no <Azor>, o barco de Pancho. Con nós viña un rapaz, que non recordo se era de Zaragoza e vivía en Monforte ou era de Monforte e vivía en Zaragoza; o que si é certo, é que non tiña nin idea de que os polbos había que mazalos antes de poñelos a cocer. Cando baixamos do barco e nos dirixiamos cara á costa de Curro, estaba un auniense mazando uns polbos no peirao. Monforte, que así o alcumábamos, dende que o mirou, quedou medio abraiado. Ao chegar canda el, saudámolo e Monforte quedou parado mirando a manobra de mazado. Tan pronto continuamos a nosa andaina, seguiu mirando para atrás vendo como o auniense tiraba o polbo ao chan, recollíao e o volvía a tirar.

Apurou o paso e, ao chegar á nosa altura, preguntou no seu perfecto castelán: “Oyes, ¿Ese es el tonto del pueblo, no? As risas duraron ata que chegamos a casa, no Caño.

Loxicamente, Monforte, non sabía que os polbos había que mazalos, e ver a unha persoa tirando un *pulpo* ao chan, collelo e volveo a tirar, evidentemente pensaría que non era unha cousa moi normal a facer.

Durante a súa estada na Illa connosco, moitos polbos mazou Monforte.



Javier de Noalla, mazando un polbo nas rochas da Praia de Area dos Cans (Illa de Ons).



## OS AUNIENSES PIDEN A DIMISIÓN DO PRESIDENTE DO PADROADO (16/12/2022)

O pasado xoves houbo reunión do Organismo Fantasma (Padroado das Illas Atlánticas. Así lle chaman), inventado para darlle unha saída digna a Carlos del Álamo (Conselleiro, daquela, de M. Ambiente da Xunta) polo seu “magnífico” labor durante o desastre do Prestige. Nunca soubemos para que servía, nin tan sequera se había reunións periódicas, os veciños non tiñan dereito a estar, hai dúbidas de que os concellos mandaran representantes, os membros cambiaban deseguido,..., e o que alí se trataba só quedaba, si quedaba, reflectido nun, ben presentado, documento oficial.

Entrou outro político, (curmán do agora Presidente da Xunta) que nas súas épocas de Conselleiro tivo actuacións, con respecto a Ons, bastante polémicas.

Dende que aí está, nada fixo, eu creo que nin coñece a Illa, agás para darse algunha homenaxe gastronómica, e leva tempo sen pisar Ons, coido que dende o día da inauguración do Cápmping, que nun plano moi discreto, andaba por alí.

Van pasando os anos e seguimos sen saber que pinta ese Organismo sen actividade positiva algunha e máis o seu Presidente. Antes aínda saía algo á prensa, pero só para facer declaracións polémicas sobre os veciños de Ons. Levaba un tempo agochado ou polo menos sen saír nos periódicos. Agora volve á palestra con declaracións controvertidas, cando, despois de que no Padroado os veciños pediran reunións técnicas para a rehabilitacións das vivendas aunienses, como, segundo podemos ler: **“O presidente do padroado fai unha ameaza á representante da asociación veciñal de que non pidan esas reunións e dicindo que calasen porque por el mandaban un inspector urbanístico”**. Se así foron esas declaracións, vemos que, co novo Presidente da Xunta, as posturas políticas a tomar, neste caso polo seu curmán, van ser nun ton ditatorial. Apañados vamos!!!

Coido que os Aunienses deberían solicitar unha Auditoría dese Organismo, como mínimo, para saber verdadeiramente como funciona e como se finanza, non creo que o Presidente do Padroado estea aí por altruísmo. Tamén, con respecto á “inmensa” cantidade de cartos que prometeu para Ons o Presidente da Xunta, deberían pedir luz e taquígrafos, da súa inversión e xustificala, non vaia a ser que pase como aqueles cartos que había xa concedidos para un tendido eléctrico dende o continente e que por <arte de maxia>, desapareceron; a onde irían a parar?

Ben, aquí deixo a miña reflexión sobre o proceder do Presidente do Padroado; do alí tratado, haberá tempo a dar opinións e suxestións en sucesivos Onstopus.

<https://xornaldebueu.com/2022/12/16/a-asociacion-vecinal-de-ons-pide-o-cesamento-inmediato-do-presidente-do-padroado/>

<https://www.farodevigo.es/o-morrazo/2022/12/16/nuevos-depositos-agua-ista-ons-80020782.html>



Despois de tres anos, a Nova Trova Camawuaiana actuou de novo en Bueu co seu típico concerto de Nadal .

O recital tivo lugar con instrumentos moi sofisticados. Empregaron: Centolas, Lagostinos, Coccochas e Arroz de Lumbrigante, que deron unha sonoridade perfecta á actuación.

O concerto foi seguido por numeroso público que, en cada cambio de instrumento, introducían un brinde musical con Magnum do bo.

Xa puxeron data para a próxima actuación que será no mes de marzo 2023 en Portonovo, no Pescador.

# NOVA TROVA CAMAWUAIANA



## NOVAS IMPORTANTES PARA TODOS OS VECIÑOS DA ILLA DE ONS

O próximo día **28 de decembro**, despois de varias reunións mantidas na Consellería de Medio Ambiente, o Presidente da Xunta e o Alcalde de Bueu reuniranse para ver como dar a nova aos veciños. A reunión será en Bueu, o día 28 de decembro ás 12 da mañá no Salón de plenos do Concello.

O Presidente comunicará que a partires do día 1 de xaneiro de 2023, quedan derogadas as Concesións e que as vivendas aunienses pasarán a **Propiedade** dos Veciños titulares das agora concesións, só terán que asinar unhas cláusulas que eviten a especulación.

Notificarán os bos resultados das conversas mantidas co Estado Español e que, en menos de 5 anos, a Illa contará cun **peirao** que poderá dar protección e resguardo a toda a flota auniense.

Tamén anunciarán a pronta chegada a Ons dunha gran **depuradora** que poderá acoller a todas as vivendas da Illa. A auga que irá posteriormente ao mar, sairá en tan bo estado, que case se poderá consumir, coma se dunha fonte pública se tratara.

Informarán sobre as axudas para rehabilitación e reconstrución de todas as **vivendas e edificacións anexas** da Illa, iso si, tendo que adaptarse, o máis posible, á tipoloxía arquitectónica popular mariñeira que tiveron. Os arranxos serán subvencionados, na súa totalidade, polo Parque Nacional.

Están a estudar o mellor xeito para facer posible que todas as vivendas aunienses dispoñan dun sistema individual e ecolóxico de **enerxía**. Vanse a comprometer a que, en menos dun ano, todas as casas da Illa dispoñan dun sistema enerxético que cubra as súas necesidades vitais e que a súa instalación sexa gratuíta.

Vendo os bos resultados que deron as **rodeiras** de Curro a Canexol, decidiron que todos os camiños da Illa contarán con rodeiras e aos seus lados e centro plantarán unha herba especial para facelas máis ecolóxicas.

Para as familias que queiran pasar todo o ano ou longas tempadas en Ons, terán á súa disposición un **tractor** agrícola que lles axudará a preparar as terras elixidas para a práctica dunha agricultura ecolóxica e de autoconsumo.

Transmitirán como van as negociacións con varias navieiras para que Ons conte cun **barco de pasaxe** que cubra o traxecto Bueu-Ons no inverno, como mínimo e se o tempo permíteo un día pola semana e outro con saída o sábado e volta o domingo.

Anunciarán como van os estudos sobre a instalación ecolóxica de tres grandes **depósitos** para subministrar auga potable a todas as casas aunienses. Estarán colocados en lugares elevados das zonas norte, centro e sur. Con iso se evitará, agás que sexa imprescindible, o uso dos pozos de barrena.

Daranse pequenos cursos de **Educación Ambiental** sobre reciclaxe, sobre todo de aceites, e para un uso adecuado da enerxía e dos produtos de limpeza.

Haberá máis anuncios de **melloras** e, sobre todo, darase voz aos veciños para que informen ao Presidente e Alcalde doutras **necesidades** que puideron pasarse por alto. Todas quedarán rexistradas e, en breve prazo, resoltas.

**Ultima hora:** Despois das declaracións polémicas do Presidente do Padroado, o seu curmán decidiu, **destituílo** do cargo. Buscarán unha persoa máis activa e DIALOGANTE cos veciños aunienses.

**O DÍA 28 DE DECEMBRO  
REUNIÓN NO CONCELLO**



# BOAS FESTAS

Feliz 2023

*Asociación Cultural "Pineiróns"*  
*Minixornal "Onstopus"*